




TEÑO UN PROBLEMA



Intres

4

Xuño 2006

andar con el

- Por que?
- Porque pensan que el é o causante das miñas ideas.
- Trabúcanse?
- Non
- Non entendo. Es popular e tes o que queres, cal é o problema?
- Non hai problema, só quero mellorar a miña imaxe.
- Pero estala empeorando. Mírate. Que pensas sobre a anorexia?
- EU NON TEÑO ANOREXIA! Oíches?
- Si que a tes, métete na cabeza que tes un problema serio.
- Xa basta!
- Está ben, eu quero axudarche. Dáme o teu móbil

e de vez en cando falamos, paréceche?

- O que me parece é que é unha perda de tempo.

Ao final fixémonos amigos, pero eu non quixen ver. Deixei de comer e despois metíame uns atracóns terribles.

Uns meses máis tarde doíame todo e non me podía mover. Chamaron á doutora Irene, miroume e díxome:

- Vou ser sincera, tes anorexia. Non tes forzas nin nada. Estás morrendo desnutrida. O corpo acostumouse a non comer e non acepta nada. Vouche dar soro, pero a enfermidade está moi avanzada.
- Non! -berrei.

- Yasmina, síntoo, pero ti quixéchelo así.

Despois veu o meu ex noivo e a doutora marchou:

- Yasmi, síntome culpable polo que che está pasando.
- Non, a culpa foi miña. Vaite, vive a vida e busca outra rapaza que te queira coma min.
- Pero...
- VAITE!

Marchou e veu Néstor:

- Que tal, raíña?
- Cando mo dixo rompín a chorar.
- Por que a min?
- Tranquila -acaricioume a cara
- Non me dei conta Bicoume e despediuse:
- Yasmi, quérote moito e quixen axudarche, pero...
- Non te sintas culpable.
- Nunca te esqueceréi
- Tamén marchou.

Deime conta de que algún día fun querida como son, pero quixen ser perfecta de corpo e perdín os meus seres queridos.

Finalmente pechei os ollos para sempre. Arrepentinme de non escoitar, de ser o que a xente quere e de non ser quen son, Yasmina Ferrer Salaranz.

Se che pasa algo parecido, non dubides en falar cos teus pais, eles quérante e non che fallarán. Se as amigas ou amigos te queren por estar gorda ou fraca, baixa ou alta, por tomar droga ou non tomala, por ser alcohólica ou non, eses non son amigos. Faime caso e non sexas parva.

Só importas ti.

NON TE POÑAS EN PERIGO!

ADRIANA ESTÉVEZ ROCA. B1A